



O Parlamento de Galicia acolle, este martes, unha campaña de doazón de sangue promovida polo Centro de Transfusión

- Unha unidade móbil do CTG atenderá, este martes, aos deputados e deputadas e ao persoal do Parlamento que desexe doar dende as 09.30 ás 14.30 horas

Santiago de Compostela, luns 22 de marzo de 2010.- O Centro de Transfusión de Galicia (CTG) desprazará unha unidade móbil ata a entrada principal do Parlamento de Galicia, mañá, martes 23 de marzo, das 09.30 ás 14.30 horas, para incentivar a participación de todos os deputados e deputadas, así como a todos o traballadores que desexen colaborar na campaña de recollida de doazóns de sangue. Esta iniciativa coincide coa primeira xornada do pleno do Parlamento da presente semana.

Esta campaña enmarcase dentro do programa de recollida de doazóns de sangue que desenvolve a Consellería de Sanidade, por medio do Centro de Transfusión de Galicia, nas xornadas previas ás datas festivas de Semana Santa.

Nestas datas, faise preciso un novo esforzo por parte da cidadanía para tentar incrementar o volume de doazóns, xa que as xornadas festivas de Semana Santa presentan unha dobre dificultade: estabilizar o número de doazóns nun período no que existe unha maior deslocalización dos doadores e doadoras habituais e un incremento da demanda de hemoderivados por parte dos hospitais debido, principalmente, ao aumento das urxencias derivadas dos accidentes de tráfico.

Obxectivos inmediatos

O principal obxectivo desta campaña de doazón, que chega a unidade móbil ata o Parlamento de Galicia, é convertelo nun novo punto de referencia para o desenvolvemento periódico de campañas de doazón de sangue.

O Centro de Transfusión de Galicia lembra que, nestas datas, faise preciso contar con doazóns de tódolos grupos sanguíneos, moi especialmente do grupo A negativo e dos grupos Cero Positivo e A Positivo, xa que o 75% dos cidadáns galegos posúen un destes dous grupos sanguíneos

As dez unidades móbiles do CTG visitarán, ao longo das vindeiras dúas semanas máis de 60 concellos, para acadar a participación necesaria que permita garantir o labor asistencial dos centro sanitarios galegos que, cada día, precisan 500 doazóns para poder levar a cabo unha media diaria de 500 intervencións cirúrxicas, tres transplantes de órganos e tecidos e atender unhas 3.000 urxencias.

O CTG desexa agradecer ao Parlamento de Galicia a súa contribución á consecución dun axeitado número de doazóns de sangue neste período tan delicado, recoñecemento que fai extensivo a todos os cidadáns galegos que, nalgún momento das súas vidas, teñen doado sangue para posibilitar o desenvolvemento do intenso labor asistencial dos nosos hospitais.

Saúdos,
Gabinete De Comunicación

